

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 13 DE MARZO DE 2015

FAVORABLES.-

LIC/542/2014.- María Dolores Encarnación Seoane Bernárdez, en nome da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.- Conceder a licenza para a instalación dun ascensor no edificio de vivendas existente situado no número 6-8 da rúa Diego de Muros.

LIC/826/2009 E LAP/47/2013.- HERMANOS BLANCO ROMAR CB.- Conceder a licenza para a rehabilitación dun edificio para apartamentos turísticos sito na rúa San Clemente nº 14.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

LIC/723/2014.- JESÚS BALEATO PENSADO.- Acceder á devolución da fianza depositada en garantía da licenza LIC/2226/2004 por importe de 1.500 €.-

LIC/1722/2014.- ENTREPEDRAS PROXECTOS E REHABILITACIÓNS, S. L.- Acceder á devolución dos avais depositados no seu día como garantía da licenza LIC/255/2006 por importe de 2.700 € e por importe de 8.507,84 €, respectivamente.

LIC/1723/2014.- MARCOS ESPARIS FERNÁNDEZ.- Acceder á devolución da fianza depositada en garantía da licenza LIC/1237/2005 por importe de 8.000 €.-

2.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para a instalación dun ascensor no edificio de vivendas existente situado no nº 6-8 da rúa Diego de Muros. (LIC/542/2014).

3.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para a rehabilitación dun edificio para apartamentos turísticos sito na rúa San Clemente, nº 14. (LIC/826/2009 e LAP/47/2013).

Concedéronse 2 licenzas: unha, para instalación dun ascensor nun edificio da rúa Diego de Muros (nº 6-8), cun orzamento de execución de 98.423 euros. Trátase do primeiro ascensor que se instala seguindo os criterios establecidos no Estudo de Detalle que se aprobou en 2014 para o conxunto das Casas de Ramírez. Este instrumento, formulado de oficio polo Concello, pretende garantir a coherencia formal e o mantemento e recuperación unitaria do conxunto.

A outra licenza concedida é para **rehabilitación dun edificio na rúa San Clemente (nº 14) e apertura para uso de apartamentos turísticos**, sobre unha superficie de 313 m² útiles, cun orzamento de execución de 232.407 euros. Desde o ano 2011 o edificio tiña licenza municipal de apertura para hotel de dúas estrelas, polo que se trata de un cambio de actividade dentro do mesmo uso hoteleiro, sen modificar as superficies construídas.

4.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de devolución de fianza. (LIC/723/2014).

5.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de devolución de fianza. (LIC/1722/2014).

6.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a solicitude de devolución de fianza. (LIC/1723/2014).

Accedeuse ás solicitudes de devolución de 3 fianzas para responder da reposición de servizos pola execución de 3 vivendas unifamiliares, nas rúas Entregaleras (nº 6), Coira-Laraño (nº 29) e A Esquipa-Sabugueira, por importes de 1.500, 11.208 e 8.000 euros, respectivamente.

7.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto de Ordenanza Reguladora do Informe de Evaluación de Edificios.

8.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto da Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa no Concello de Santiago de Compostela.

16.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa á aprobación do proxecto de Ordenanza programa "Santiago Suma de Inclusión Social".

A Xunta de Goberno acordou a aprobación inicial de 3 novas ordenanzas sobre a avaliación de edificios, a tramitación de licenzas urbanísticas e a relativa ao programa “Santiago Suma” de inclusión social.

- **A Ordenanza Reguladora do Informe de Avaliación de Edificios**, vén a dar cumprimento na normativa actualmente en vigor, e de forma especial ao disposto pola Lei 9 a Lei 8/2013, de Rehabilitación, Rexeneración e Renovacións Urbana, que impón aos concellos a obriga de regular, mediante ordenanza municipal, o deber de inspección técnica periódica das edificacións para determinar o seu estado de conservación, o cumprimento da normativa vixente sobre accesibilidade e o grao de eficiencia enerxética.

Este novo informe de avaliación vén a substituír á actual Inspección Técnica de Edificacións (ITE), que non contemplaba a situación do edificio en relación coa accesibilidade nin a eficiencia. A norma municipal, conforme ao que recolle a lexislación estatal, obriga aos propietarios de edificios de vivenda colectiva cunha antigüidade superior aos 50 anos a realizar un informe de avaliación no prazo máximo de 5 anos desde a data que acaden esa antigüidade. Tamén obriga aos titulares de edificios que queiran acollerse a axudas públicas, co obxectivo de acometer obras de conservación, accesibilidade ou eficiencia enerxética.

A ordenanza vai favorecer a seguridade pública e a imaxe urbana para evitar a degradación urbanística e social do concello; e tamén, de maneira directa e inmediata, a saúde dos propios moradores das edificacións e da súa economía, que tamén se verá beneficiada pola eficiencia e o aforro enerxético.

- **A Ordenanza Reguladora das Tramitación das Licenzas Urbanísticas e outras formas de intervención administrativa** vén motivada pola necesidade de adaptarse á Directiva europea de 2006 de servizos de mercado interior e a súa transposición ao ordenamento xurídico, realizada a través de varias leis entre os anos 2010 e 2013. Trátase de facilitar a posta en marcha de actividades e obras ligadas ao acondicionamento de locais, que non requiran obras maiores, para eliminar trabas e axilizar os trámites. Deste xeito, as actividades poderán iniciarse se previa licenza municipal, cando se teña presentado unha comunicación de actividades. No caso de obras menores, cando transcorran 15 días desde a presentación sen necesidade de esperar trámite ningún. Non se lles aplicará o novo réxime e, polo tanto, estarán suxeitos a licenza previa, as obras que afecten a protección do patrimonio histórico-artístico declarado, medio ambiente, seguridade ou accesibilidade. Entre outros aspectos, regúlase as consultas previas en materia de urbanismo, os dereitos dos solicitantes e a obriga de resolver as licenzas en 3 meses.

- **A Ordenanza Reguladora do programa “Santiago Suma”**, trata de dar unha nova formulación ao Regulamento do Proxecto de Medidas de Apoio para a Prevención e Integración Social que viña funcionando desde 2004 no que se contiñan, como principal medida contra a pobreza e a insercións as chamadas axudas MAPIS (Medidas de Apoio para a Prevención e a Inclusión Social). A nova ordenanza, recolle o contido do plan integral que foi presentado publicamente a semana pasada, que constitúe un novo recurso disposto desde o Concello para reforzar as medidas adoptadas por outras administracións.

A proposta municipal ten en conta que un número importante de persoas esgotan as prestacións contributivas por desemprego e os subsidios posteriores, o que provoca un maior risco de pobreza e de exclusión social. Conforme a iso, artículanse medidas e recursos novos, dentro dunha estratexia integral de inclusión activa cara a unha inserción laboral efectiva.

Os orzamentos destinados en 2015 a este programa de medidas sociais, incluíndo tamén as subvencións nominativas a entidades sociais para o desenvolvemento de programas destinados á inclusión social de distintos colectivos, ascenden a 1.556.000 euros, dos que 600.000 euros corresponden á Renda de Solidariedade, 500.000 euros ás axudas de risco social e inserción e 456.000 euros a convenios con entidades sociais.

Trátase dun salto non só cuantitativo senón tamén cualitativo, posto que o Concello de Santiago destina ao seu programa social un 86% mais que o pasado ano (833.000 euros), e un 278% mais que ao inicio desta lexislatura, no ano 2011 (411.000 euros).

O obxectivo é poder aprobar a ordenanza no pleno ordinario deste mes de marzo para que entre en vigor no mes de xuño, unha vez aprobada definitivamente polo pleno.

10.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á petición de autorización extraordinaria para a celebración dun evento de narrativa "Festival Internacional Narración Oral Atlántica" no café-bar especial "CLUB LA RADIO", sito na Praza de San Fiz de Solovio, nº 4.

Informouse favorablemente a autorización extraordinaria ao local “Club La Radio”, na praza de San Fiz de Solovio, para a celebración do “Festival Internacional de Narración Oral Atlántica”, que se celebrará o 16 de marzo de 2015 ás 21 horas. A autorización ten presente que o local conta con licenza municipal de apertura de café-bar especial concedida en abril de 1997 e sinala que se debe cumprir a normativa de aplicación.

11.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á adxudicación definitiva das "Obras acceso zonas altas da Almaciga - Ámbito Santa Clara-Basquiños" á empresa PETROLAM A VEIGA, S.L.

Este é o tramo que faltaba por contratar para completar as actuacións de mellora o itinerario entre San Roque e a Praza da Paz en San Caetano. Foi adxudicado hoxe á empresa Petrolam A Veiga, S.L., por un importe de 340.310 euros e un prazo de 5 meses.

A intervención seguirá a liña marcada en Basquiños, con redución do largo da calzada, recuperando para os veciños este espazo público, cun novo equilibrio entre o coche e o peón. Ampliaranse as beirarrúas e eliminaranse desniveis, e melloraranse as redes de instalacións urbanas. Na actualidade estanse a rematar as obras do tramo Basquiños-Pastoriza e nas últimas semanas foron aprobados os dous proxectos para as obras no ámbito de Santa Clara - entre o inicio da rúa dos Basquiños e o cruce da rúa de San Roque coa travesa de Santa Clara- e o tramo entre Pastoriza e a Praza da Paz en San Caetano. En conxunto, no itinerario completo entre San Roque e a Praza da Paz vanse investir finalmente máis de 1,5 millóns de euros, que van permitir dispoñer dun contorno humanizado, cómodo e seguro, onde o tránsito peonil se verán notablemente mellorado, o mesmo que a estética urbana e a calidade ambiental.

12.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á adxudicación do contrato das obras de "Demolición da Casa da Xuventude" a CYS HISPANIA, S.L.

O contrato para a demolición da Casa da Xuventude, na praza do Matadoiro, foille adxudicado á empresa CYS Hispania, S.L., por un importe de 118.772 euros e un prazo de execución de 6 meses. Durante as obras realizarase un control e seguimento arqueolóxico, especialmente no relativo a demolición das cimentacións, retirada previa das contencións existentes e desmontes asociados e na execución de determinados muros. Os traballos de demolición serán completados cun proxecto de reurbanización da parcela, traballos que xa foron contratados e nos que se continúa avanzando. Neste mesmo ámbito tamén se levará a cabo un proxecto piloto para o soterramento de instalacións, tal e como se acordou na semana pasada, cunha encomenda de xestión ao Consorcio de Santiago, co que se prevé actuar no interior e no exterior dos edificios, a substitución de cables aéreos e unha nova iluminación pública.

13.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa á encomenda de xestión ao Consorcio de Santiago da elaboración dun proxecto de restauración do Auditorio de Galicia.

Acordouse a realizar unha encomenda de xestión ao Consorcio de Santiago para a elaboración dun proxecto de restauración do edificio do Auditorio de Galicia. O proxecto vai dirixido a reparar os desperfectos que presenta, para que siga a manter os seus valores estéticos e cumpra o seu papel fundamental de acoller as actividades para as que foi deseñado como primeiro contedor cultural da cidade. O auditorio foi inaugurado en outubro de 1989, grazas á intervención conxunta do Ministerio de Cultura, Xunta e Concello e desde 1996 é sede da Real Filharmonía de Galicia. Despois de 25 anos de funcionamento chegou a hora de sometelo a unha posta a punto que lle devolva unha imaxe, o confort e a funcionalidade que é preciso recuperar e manter.

15.- Proposta do concelleiro delegado da área de Seguridade e Mobilidade relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación do "Servizo de radiocomunicación trunking de voz e datos para o Concello de Santiago de Compostela".

Acordouse abrir un procedemento de adxudicación para o servizo de radiocomunicación móbil privada (tipo trunking) de voz e datos para o Concello, cun tipo de licitación de 19.689 euros/ano, por un período de 2 anos.

17.- Proposta do concelleiro delegado da área de Facenda relativa á adxudicación do contrato do "Servizo de asesoramento e colaboración na inspección fiscal dos tributos do Concello de Santiago" á empresa Coordinadora de gestión de ingresos S.A.

Adxudicouse o contrato para un servizo de asesoramento e colaboración na inspección fiscal dos tributos do Concello á empresa "Coordinadora de Gestión de Ingresos, S.A.", por un importe de 320.000 euros/ano, para un período de 3 anos. Desde hai máis dunha década, o Concello de Santiago de Compostela vén realizando as tarefas de inspección e comprobación fiscal coa axuda de empresas especializadas. Dado que o contrato actual terminaba a finais de 2014, acordouse licitar novamente a contratación deste servizo que agora se adxudica. Co abor de asesoramento e colaboración trátase de realizar unha xestión tributaria e recadatoria integral, baseada na equidade e na claridade e tamén, por suposto, previr, controlar e loitar contra o fraude e a morosidade,

18 a 53.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, beneficios fiscais no lixo, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

A Xunta de Goberno, conforme ao disposto nas ordenanzas reguladoras, resolveu tamén 36 expedientes presentados para a obtención de beneficios fiscais e exencións: 14 referidos a incremento de valor dos terreos de natureza urbana; 19 de vehículos de tracción mecánica; 2 sobre a recollida de lixo; e 1 para a exención de taxas de subministro de auga, saneamento, depuración e recollida de lixo.

54.- Proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública relativa á adxudicación do contrato de "Subministro e montaxe de neumáticos, equilibrados de rodas e alineacións de dirección para os diferentes vehículos adscritos ó Parque Móbil do Concello de Santiago" á empresa NEUMÁTICOS PAJARO S.L.

Axdudicouse un contrato de subministro e montaxe de neumáticos, equilibrado e aliñación de direccións para os vehículos do parque móbil municipal á empresa Neumáticos Pájaro, S.L., por un importe de 14.975 euros/ano, por un período de 2 anos.

55.- Proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública relativa á solicitude de devolución de fianza definitiva.

Accedeuse á devolución de fianza solicitada pola empresa (Construciones Oñial, S.L.) adxudicataria en maio de 2013 da mellora e acondicionamento do vial San Marcos, logo de que as obras foran rematadas e supervisadas. O importe da fianza é de 2.782 euros.

56.- Proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública relativa á ampliación do contrato de prestación do "Servizo de Limpeza dos edificios e dependencias do Concello de Santiago de Compostela".

Acordouse a ampliación do servizo de limpeza dos edificios e dependencias do concello, como consecuencia da xubilación da derradeira das traballadoras municipais que realizaba ese servizo e a asignación da súa área á empresa actualmente contratada (ISS Facility Services SAU). Conforme ás condicións establecidas no prego de contratación para futuras ampliacións dos servizos correspóndelle unha importe engadido de 3.621 euros/mes, o que supón un importe total anual do contrato de 997.807 euros/ano.